



SESION EXTRAORDINARIA DE 30 DE DECEMBRO DE 2025

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as Deputados/as:

D^a. María del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Antonio Ameijide Osorio
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Angel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D. Carlos López López
D. Javier Varela Pérez
D. Armando Castosa Alvariño
D^a. María Sol Morandeira Morandeira
D. Francisco Cajoto Caserío
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
D. José María Fernández Vázquez
D. Clemente Iglesias González
D. Luis Fernández Guitián
D^a. María del Carmen López Moreno
D. Héctor Manuel Corujo González

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as dez horas e trinta minutos do día **trinta de decembro de dous mil vinte e cinco**, baixo a Presidencia do titular do cargo, en funcións Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria convocada para este efecto.

Actúa de secretario o da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten os señores deputados don Efrén Castro Caloto, don Daniel García Fernández e a señora deputada dona Iria Castro Fernández.

	IV7Q2WH2LNFKLLRNYXUMEMBTAA	Fecha y Hora	30/12/2025 17:52:29	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente En Funcións Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q2WH2LNFKLLRNYXUMEMBTAA	Página	1/4	

1.- TOMA DE COÑECEMENTO POLO PLENO DA RENUNCIA PRESENTADA POR DON JOSÉ TOMÉ ROCA Ó SEU CARGO DE PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E DA NON ADSCRIPCIÓN AO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA E ADQUISICIÓN DA CONDICIÓ DE DEPUTADO NON ADSCRITO.

Dáse conta do escrito de D. José Tomé Roca que textualmente di:

“A necesidade de salvagardar o correcto funcionamento da Institución, que se viu alterado, nos últimos días pola difusión pública de acusacións cara a miña persoa, carentes do máis mínimo sustento fáctico, xurídico e probatorio, e que foron formuladas á marxe de calquera procedemento con garantías, o que conleva a vulneración frontal do principio de presunción de inocencia recollido no art. 24.2 da Constitución Española de 1978, esixe que, pola miña parte, se adopten decisións, persoalmente moi difíciles, que garantan que o funcionamento da Deputación Provincial de Lugo, non se vexa alterado por cuestións alleas ao estricto cumprimento das súas propias competencias.

Quero deixar constancia de que non existe procedemento penal, administrativo ou de calquera outro tipo en trámite contra a miña persoa, nin dilixencia xudicial, disciplinaria ou fiscalizadora que, conforme á legalidade vixente, permita derivar indicio algún de irregularidade ou de conduta inapropiada, o que fai que me encontre nunha situación de absoluta indefensión, xa que descoñezo cales son os feitos dos que se me acusa e as probas en que eses presuntos feitos se basearían.

A situación actual tivo a súa orixe nunhas informacións aparecidas nun medio de comunicación que deu conta dunhas presuntas condutas inapropiadas, que nego con rotundidade, e que, como xa dixeran, carecen de calquera fundamento fáctico e, en consecuencia, probatorio.

A utilización de insinuacións, suposicións e falsas acusacións, de orixe descoñecida, deron lugar a informacións xornalísticas, sen ningún tipo de respaldo documental, contraveñen os máis elementais principios de, interdicción da arbitrariedade e seguridade xurídica consagrados no artigo 9.3 CE.

A situación na que actualmente me encontro representa unha vulneración do principio de dignidade da persoa, recollido no art. 10 da Constitución Española de 1978, así como do meu dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, recollidos no art. 18 do texto constitucional.

	IV7Q2WH2LNFKLLRNYXUMEMBTA		Fecha y Hora	30/12/2025 17:52:29	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente En Funcións Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q2WH2LNFKLLRNYXUMEMBTA		Página	2/4	



Por todo o exposto, adopto voluntariamente a decisión dolorosa (para non interferir no correcto funcionamento da Institución Provincial á que no últimos seis anos dediqueime de forma tan intensa) de renunciar ao meu cargo de Presidente.

A renuncia que hoxe formalizo non implica, en absoluto, recoñecemento de responsabilidade administrativa, ética ou penal, ao non concorrer na miña persoa ningunha conduta constitutiva de reproche ético e, moito menos, subsumible en ilícito algún. O mantemento dunha campaña de imputacións de condutas irregulares, sen base fáctica algunha, constitúe unha perturbación grave do normal desenvolvemento das funcións propias da Presidencia, incompatibles coa esixencia de eficiencia e boa administración e coa imaxe da propia Institución.

Polas razóns expostas, e sen prexuízo desta renuncia ao cargo unipersoal, manifesto a miña determinación de conservar a miña acta de deputado provincial, conforme ao disposto na normativa anteriormente citada, debido a que a dita condición de deriva do mandato representativo conferido polos/polos cidadáns e cidadás e non ten que atoparse condicionada, limitada nin xurídicamente afectada por manifestacións non sometidas a procedemento legal algún, manifestación que, reitero, son falsas e absolutamente carentes de fundamento.

Reitero, igualmente, o meu compromiso coa legalidade, a transparencia e o máis absoluto respecto a todos e todas os/as compañeiros e compañeras, xa sexan de partido político ou de traballo, no exercicio das miñas funcións.

Por todo o exposto, con base no disposto nos artigos 52 e 53 do Regulamento orgánico da Deputación provincial de Lugo e no art. 60 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

COMUNICO AO PLENO DA CORPORACIÓN:

1º.- A miña renuncia ao cargo de Presidente da Deputación Provincial de Lugo, que deberá ser aceptada polo Pleno da Corporación, de acordo co disposto no art. 60 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- A miña decisión de seguir desempeñando o cargo de Deputado Provincial, electo polo partido xudicial de Monforte de Lemos.

3º.- Tendo solicitado a suspensión de militancia no partido Socialista Obreiro Español, causar baixa no Grupo Provincial do devandito partido, pasando a ter a consideración de membro non adscrito, dacordo co disposto no art. 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

	IV7Q2WH2LNFKLLRNYXUMEMBTAA	Fecha y Hora	30/12/2025 17:52:29	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente En Funcións Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q2WH2LNFKLLRNYXUMEMBTAA		Página 3/4	

Por último quero manifestar a grandísima honra que supuxo dedicar estes anos da miña vida a servir os intereses da provincia de Lugo, de todos e todas seus cidadáns e cidadás, cunha implicación e dedicación que, creo, está fóra de toda dúbida e desenvolvendo as miñas funcións con total transparencia e respecto absoluto aos principios éticos e dereitos constitucionais de cantas persoas compartiron comigo estes anos.”

O Pleno da Corporación toma coñecemento e queda enterado do escrito no que D. José Tomé Roca presenta a renuncia ao cargo de Presidente da Deputación Provincial de Lugo e comunica que deixa de pertencer ao Grupo Provincial Socialista provisionalmente e pasa a ter a consideración de Deputado Provincial non adscrito.

https://videoactas.deputacionlugo.org/?meeting=video_202512301032000000_FH.mp4&punto=1

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente, en funcións, levanta a sesión, sendo as dez horas e corenta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

O PRESIDENTE EN FUNCIÓNS,

O SECRETARIO,

	IV7Q2WH2LNFKLLRNYXUMEMBTAA	Fecha y Hora	30/12/2025 17:52:29	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente En Funcións Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q2WH2LNFKLLRNYXUMEMBTAA	Página	4/4	